

Deseño de experiencias de aprendizaxe dixitais con perspectiva DUA

OPCIONAL. Cal é a situación de aprendizaxe? *Como esta experiencia ten sentido e está conectada co alumnado.*

Inspírate [aquí](#), [aquí](#), [aquí](#), [aquí](#), [aquí](#)

Durante o curso pasado o alumnado do noso cole reclamou recuperar o **proxecto** de horto escolar que quedara pendente antes da pandemia da COVID-19. Este curso decidiuse incorporar este proxecto ás actividades de aula dun xeito **transversal** e dende unha perspectiva **competencial**, implicando ao alumnado de todas as aulas que participan dun xeito activo.

Para o deseño desta experiencia de aprendizaxe centrámonos nunha **aula mixta de 5º e 6º de primaria**, que contan con dúas que participarán do proxecto e que traballan en **docencia compartida**, así como outro profesorado adscrito ao mesmo, entre elas, eu mesma coma mestra de Pedagogía Terapéutica que ofrece apoio a toda a aula ordinaria e, en concreto a un alumno con NEE asociadas a TEA.

Para levar a cabo o proxecto terase en conta o **desenvolvemento das CC** en particularmente das competencias en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría e a competencia emprendedora así como a competencia en comunicación lingüística e a competencia dixital, tal e como quedará reflectido na actividade que se propón a continuación. Do mesmo xeito, cobra sentido a través da súa relación cos **criterios de avaliación da área de CCNN** que se presentan embaixo.

Ao longo deste proxecto, o alumnado terá que ter en conta recursos materiais, espazo temporais e humanos cos que contan; orzamento necesario; adquirirá competencia investigadora e léxico específico e empregará recursos dixitais tales como a actividade que se presenta a continuación, que se desenvolve a través da APP **PADLET**. Todo para desenvolver un **produto final, socialmente relevante**: o noso horto escolar ecolóxico; que terán que **presentar ante unha audiencia**: as persoas xuíces dun concurso de hortos escolares ecolóxicos, co que pretenden financiar a súa viaxe de fin de curso.

Para desenvolver esta experiencia seleccionamos a APP PADLET, que figura na "RODA DUA" na fase VIVENCIAL-EXPERIENCIAL co obxectivo de minimizar barreiras na presentación de hipóteses ou propostas. Para este caso concreto, preténdese minimizar estas mesmas barreiras con todo o alumnado e máis concretamente co alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe asociadas a lectura e escritura, así como a aquel que presenta dificultades de comunicación (verbal e non verbal). Cómpre sinalar que esta proposta realízase como presentación para o profesorado implicado e, concretamente, a dirección do centro, da proposta elaborada na aula, para acadar a súa aprobación antes de comezar coa fase máis experiencial.

Criterio(s) de avaliación. *O alumnado será capaz de....*

Puntos clave dos obxectivos (saberes, habilidades, etc). *Que*

(https://www.edu.xunta.gal/proens/)	precisa saber e saber facer o alumnado para acadar o obxectivo? (https://www.edu.xunta.gal/proens/)
CE1.2. Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándose en investigacións relacionadas co medio natural. CE2.4. Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do medio natural, a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade do medio natural. CE4.1. Utilizar recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	• Procura de información a través de diferentes fontes, de maneira individual e en equipo. • Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos...). • Características propias das plantas que permiten a súa clasificación en relación coa súa capacidade adaptativa ao medio • Relación do ser humano cos ecosistemas para cubrir as necesidades da sociedade. • Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: estratexias de procura de información seguras e eficientes na internet ; tratamento e elaboración de textos sinxelos para recoller e comunicar información; regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por internet, etc. • Comunicación dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes.

Que tarefas ten que facer o alumnado para practicar ata chegar ao obxectivo?

Describe brevemente a secuencia didáctica .

Describe a actividade que vas levar a cabo.	Proporcionar múltiples formas de representación (Principio I DUA).	Como vas proporcionar múltiples formas de acción e	Como vas proporcionar múltiples formas de implicación (Principio III DUA).
LINK ACTIVIDADE: https://padlet.com/laraperezpt/o-noso-hor-to-r0hpdg3tg20e28ui			Por que o alumnado vai estar motivado en cada unha das actividades.

	Esta actividade axúdate a conseguir este principio? Como?	expresión (Principio II DUA). Esta actividade axúdate a conseguir este principio? Como?	
--	---	---	--

Esta actividade realizarase logo de realizada a avaliación inicial, contando con coñecérmonos ao alumnado o mellor posible, para ter en conta as súas fortalezas e debilidades, os seus intereses e as súas preferencias de aprendizaxe, así como as súas relacións interpersoais na aula. A partires deste punto dividirase a aula, cando menos para este proxecto, en grupos cooperativos de catro persoas, mesturando ao alumnado de 5º e 6º de EP, tendo en conta os seus perfís, e asignaráselle a cada un deles un rol con cadansúas responsabilidades coordinadora, secretaria, encargada de material e axudante da coordinación. Estes roles irán variando segundo avance o proxecto, en función das necesidades. Ademais, terase en conta unha figura de referencia/confianza para o alumnado con NEE, que a atopará nunha persoa escollida entre os seus iguais, dentro do grupo cooperativo. Para desenvolver esta actividade concreta enténdese que o grupo-aula conta xa con toda a información precisa para presentar o seu proxecto ao profesorado iplicado, de tal xeito que debe deseñar un discurso ordenado, para o que cada grupo fará unha proposta diferente, podendo apoiarse nas ferramentas físicas ou dixitais que precisen, dentro dunha selección elaborada polas mestras, contemplando varias formas de expresión, entre as que destaca a APP PADLET.	Co emprego deste recurso enriquecése a experiencia de aprendizaxe en dúas vías: tanto para o alumando que elabora o PADLET, xa que lle axuda a organizar a información obtida dun xeito visual, como para as persoas receptoras da información, xa que servirá de apoio para comprender a explicación que les dea o equipo cooperativo. Ofréceselle ao alumnado a posibilidade de incluír apoio á linguaxe oral e escrita, como imaxes, símbolos e vídeos.	En liña co principio anterior, non só se lle ofrece ao alumnado unha ferramenta coa que representar a información obtida senón coa que expresala axeitadamente, segundo as súas necesidades. Así, especialmente aquel alumnado con dificultades de expresión oral ou cunha linguaxe non verbal tamén limitada, terá a posibilidade de enriquecer a súa presentación, mesmo con vídeos de elaboración propia.	Tal e como se plantexou na descrición da actividade, a primeira premisa para levar a cabo esta experiencia é a de contemplar as preferencias de aprendizaxe de cada alumno/a e as súas necesidades, e ofrecerlles ferramentas concretas que as poidan axudar a suprimir certas barreiras. A APP PADLET é só unha ferramenta, con múltiples opcións de uso, que neste caso sería seleccionada polo alumnado para levar a cabo a súa presentación. Esta experiencia favorecerá a motivación do alumnado sempre e cando nos aseguremos de que é suficientemente competente dixitalmente para empregala, e que nós, como guías, estamos preparadas para orientalas a sacarlle o máximo partido, tendo en conta os obxectivos/criterios contemplados nesta parte do proxecto. Enténdese que a contorna dixital pode ser en sí mesma motivadora para o alumnado, sendo PADLET unha ferramenta bastante intuitiva, e na que pode triunfar tanto o alumnado máis capacitado para desenvolve-la, enriquecendo a súa presentación de múltiples xeitos, como aqueloutro con máis dificultades, que verá o seu traballo axeitadamente clasificado e ordenado. Así, plantexamos retos a uns e practicamos a “aprendizaxe sen erro” con aquelas persoas
---	---	---	---

Para iso, poderán rexistrarse cunha conta de correo de aula e crear cada grupo o seu propio MURO PADLET tendo en conta cada un dos ítems que tiveron que contemplar durante a investigación. Así, toda a información recollida pode quedar plasmada en cada unha das pestanas, servindo de apoio ao discurso oral para todo o grupo e como guía visual e de lectura para aquel que teña máis necesidades.			que o necesitan para implicarse nestas tarefas. Debe terse en conta ademáis o contacto cos seus intereses para garantir a súa persistencia:: o horto escolar e o obxectivo de financiar a excursión de fin de curso.
--	--	--	--